## DECRETO

**EXCMA. SRA. DONA LARA MÉNDEZ LÓPEZ, ALCALDESA PRESIDENTA DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO**

**ASUNTO: APROBACIÓN DE MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA MEDIANTE A MODALIDADE DE TRANSFERENCIA DE CRÉDITO DESTINADA A DAR COBERTURA A DIVERSAS PROPOSTAS REALIZADAS POLO SERVIZO DE BENESTAR SOCIAL**

Visto o expediente tramitado para modificar créditos mediante a modalidade de transferencia de crédito núm. 53-2021, por un importe total de 62.833,21 €, dentro do vixente orzamento desta Corporación de 2021, para dar cobertura a distintas propostas de gasto efectuadas pola Concellería de Servizos Sociais:

- Obras na sala de lectura e na biblioteca do Centro de Convivencia de Fingoi.
- Obras para cambio de chan e pintura de 4 despachos do CC Uxío Novoneyra.
- Instalación de Carpa para a feira solidaria Diversiarte, na Praza Horta do Seminario.
- Contratación do Servizo de seguridade e control de aforo da feira solidaria Diversiarte.
- Vinilos para anunciar a feira Diversiarte.
- Equipamento mobiliario para a nave das asociacións Clara Campoamor.

Vista a dispoñibilidade orzamentaria das aplicacións orzamentarias que ceden crédito, segundo se acredita nos estados contables de execución do Orzamento 2021

Vistos igualmente os documentos e informes que constan no expediente tramitado para o efecto, o informe da Intervención Xeral Municipal Ref: 1939/2021 do día 07.12.2021.

En virtude do disposto nos artigos 179 a 181 do Real decreto lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo cal apróbase o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais; artigos 40 a 45 do Real decreto 500/1990 de 20 de abril, Regulamento orzamentario; as Bases de execución do orzamento vixente prorrogado e sobre a base das atribucións conferidas a esta Alcaldía, en virtude do disposto no artigo 124.4 g) e ñ), da lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e demáis normativa,

**RESOLVO:**

**Primeiro**. Aprobar o actual expediente de modificación de créditos a través da modalidade de transferencia de crédito por un importe global de 62.833,21€ euros para dar cobertura ás obrigas sinaladas na parte expositiva do presente decreto:

| APLICACIÓNS ORZAMENTARIAS QUE CEDEN CRÉDITO | IMPORTE € | APLICACIÓNS ORZAMENTARIAS QUE INCREMENTAN CRÉDITO | C.P. INVESTIMENTOS EN CENTROS SOCIAIS | IMPORTE € |
|---|---|---|---|---|
| | | | | |



FIRMADO POR 77594722J-Lara Méndez López (FECHA: 07/12/2021)
Decreto Nº: 10672/2021 - Fecha de firma: 07/12/2021
Versión imprimible
CVD: bIIU6nMksOVpo/m9GnXl
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| 23111.48000 | | 23150.63200 | 21XX00042 | 35.448,41 € |
| | | 23150.63200 | 21XX00042 | 6.310,15 € |
| | | 23150.20500 | | 17.526,85 € |
| | | 23150.22699 | | 1.583,99 € |
| | | 23150.22699 | | 718,90 € |
| | | 23150.63200 | 21XX00042 | 1.244,91 € |
| **TOTAL CRÉDITO CEDIDO** | **62.833,21 €** | **TOTAL INCREMENTO DE CRÉDITO** | | **62.833,21 €** |

**Segundo.** Sendo o expediente que se aproba firme e executivo sen máis trámites, polo que se deberán introducir na Contabilidade da Corporación os axustes derivados do mesmo.

Cúmprase.

FIRMADO POR 77594722J-Lara Méndez López (FECHA: 07/12/2021)
Decreto Nº: 10672/2021 - Fecha de firma: 07/12/2021
Versión imprimible

CVD: bIIU6nMksOVpo/m9GnXl
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.